

INTERNET: FERRAMENTA DIDÁCTICA PARA O ENSINO

1 TIC, ENSINO E SOCIEDADE

As tecnoloxías da información e a comunicación -as TIC-, están cambiando a ritmos acelerados o noso xeito de traballar, aproveita-lo tempo de lecer, acceder á información, comunicarnos e mesmo de relacionarnos.

¿Qué entendemos por TIC? Pois un conxunto de ferramentas, soportes e canles para o tratamento e acceso á información¹ en tempo real ou, dito noutros termos, aquelas tecnoloxías baseadas na converxencia entre as telecomunicacións, a informática e a dixitalización.

Internet, a arañeira que conecta a milleiros de ordenadores espallados por todo o mundo, converteuse no paradigma destas tecnoloxías, no símbolo, na punta do iceberg, deses cambios que non só afectan ó ámbito das relacións privadas e profesionais, senón que están inseridos en fondas transformacións sociais. Tan fondas e rápidas que moitos autores non dubidan en afirmar que son dunha magnitude superior ás producidas pola revolución industrial.

Para decatarnos da súa transcendencia e velocidade, abonda con recorrer ó máis cotián e recuperar imaxes destes últimos catro anos. Por poñer un exemplo tan esquemático coma ilustrativo, se reparades na publicidade, coincidiredes con nós en que en 1996 había que mirar centos e centos de anuncios e observarlos con lupa para encontrar algún que incluía a localización dunha páxina web ou o enderezo dunha caixa de correo electrónico. Pola contra, hoxe por hoxe os tres “w” ou a arroba (@), ocupan espazos destacados nas mensaxes publicitarias que recibimos tanto a través dos *media* convencionais coma doutros soportes publicitarios. Ademais, os anuncios relacionados directamente coa Rede (portais, conectividade a Internet, negocios en liña...) ocupan unha porcentaxe máis que significativa nos media. Por non falar do famoso anuncio da “constrictor” ou, o que é o mesmo, da conectividade a Internet utilizando o propio teléfono móbil.

Asistimos, xa que logo, ó nacemento do que se deu en chamar “sociedade da información” (Unión Europea); “sociedade da rede” (Castells); “sociedade do coñecemento” (Majó) ou “sociedade da aprendizaxe” (Foro da Sociedade da Información). Denominacións todas elas que inciden nos conceptos “información-coñecemento-aprendizaxe-relación” sobre os que abundaremos no decurso do noso relatorio.

¹ GONZÁLEZ SOTO, A.P., GISBERT, M., GUILLÉN, A, JIMÉNEZ B., LLADÓ, F., E RALLO, R. (1996): Las nuevas tecnologías en la educación. En SALINAS, J. et. al. *Redes de comunicación, redes de aprendizaje*. EUDCTEC'95. Universitat de ls Illes Balears, Palma de Mallorca.

Unha sociedade cunha nova base material (a capacidade para xerar, assimilar e reutiliza-la información) que abre novas posibilidades e campos de actuación/interacción pero que tamén, de non mediar intervencións públicas, provoca ou acentúa vellas/novas formas de exclusión social, territorial, cultural e lingüística.

¿En qué medida a xeneralización do uso das TIC e o nacemento da Sociedade da Información afectan ó ensino? Dun xeito resumido podemos dicir que en tres ámbitos chave:

- a) Os cambios sociais ós que aludiamos discorren a ritmos de vertixe e esixen novos sistemas de ensino permanente para responder ás demandas do sistema productivo: formar profesionais para esa nova sociedade. Como asiadamente sinala Joan Majó² “xa non é posible cambia-los coñecementos que se precisan nunha sociedade, aproveitando a renovación xeracional, é dicir, cambiando as persoas, senón que é necesario cambia-los coñecementos das mesmas persoas ó longo da súa vida”. Noutras palabras, o que vale para o hoxe, dentro de cinco anos caséque é prehistoria.
- b) O manexo das TIC que impón a dinámica social, require unha “nova alfabetización”. Unha porcentaxe significativa de nenos e xoves³ está accedendo a esa segunda alfabetización a través da educación informal. Fálase destes xeracións como as “xeración nintendo” ou “xeración web”. Xa que logo, o reto está tanto en evita-lo desfase escola-sociedade coma en que o ensino público xogue un papel “equilibrador” para evita-la exclusión social e doutro tipo no acceso ás TIC.
- c) A xeneralización do uso das TIC posibilitan novos contornos de ensino/aprendizaxe, contornos que implican non a desaparición do docente pero si o seu cambio de rol -xa non é o “depositario e a fonte de coñecementos”, senón que o seu papel é máis o do “orientador” que ensina a buscar, seleccionar, discernir e transforma-la sobreinformación en escolla e a escolla en coñecemento- así como cambios nas actuais institucións educativas (véxanse realidades como a Universitat Oberta de Catalunya, as universidades corporativas ou a rede telemática de educación do Brasil...).

Neste contexto, a introducción das TIC na escola é algo que cómpre abordar xa. Non para “exercermos de papagaios”⁴; vender “fume e pouco lume” reconvertendo o que xa había en proxectos virtuais con moitos acrónimos⁵ e os

² MAJÓ, J. (1999): “Las nuevas tecnologías en la educación”. En ROMERO, D. et. al. *Actas dos II Encontros para a normalización lingüística*. Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística-Ponencia de Lingua. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.

³ Segundo a última vaga do EGM (febreiro-marzo de 2000) o 13% dos internautas do Estado son menores de 20 anos. En Galicia a cifra redúcese ó 11,7%

⁴ RIVAS, M. (2000): “Discurso optimista contra os papagaios” en *La Voz de Galicia* 8/04/2000.

⁵ Referímonos á recente presentación do proxecto SIEGA para a informatización escolar e no que se recollen as liñas aprobadas en Consellos da Xunta de hai dous anos pero que ata a data se reduciron ós aspectos máis instrumentais (conectividade). Sobre a chamada autoestrada galega da información e a política da Xunta desta materia ve-lo relatorio que aparecerá publicados nas *Actas dos III Encontros para a normalización Lingüística*.

mesmos contidos de hai un ano ou querer aparentar se-los “primeiros da aula” despois de que no cumio de Lisboa a Unión Europea acordou recupera-lo tempo perdido, máis nuns estados -véxase o español- ca noutros.

As TIC, nomeadamente a Internet, teñen que estar presentes en tódalas aulas pero non como un tópico máis no currículo ou coma unha tecnoloxía, senón como un novo medio “transversal”, un medio ó que teñen que acceder tanto os rapaces coma a comunidade na que se insire o centro educativo⁶.

2 INTERNET NO ENSINO

2.1 ¿De qué falamos cando falamos de Internet?

Por razóns obvias, non imos explicar cómo conectarse a Internet ou cal é o funcionamento instrumental das súas utilidades e aplicacións, extremos máis propios dun curso de iniciación ca dun Seminario coma este.

De tódolos xeitos, antes de entrar no que vai se-lo eixe central da nosa exposición, interéсанos facer fincapé nuns conceptos que consideramos básicos para mellor comprende-las propostas de aplicación ó ensino da lingua e da literatura que desenvolveremos posteriormente.

Cando falamos da Internet o primeiro que se nos ven á cabeza é asocia-los conceptos “Internet = “autoestrada da información”. A Rede é iso e moito máis. Xa que logo, para conceptualizala preferimos referirnos a ela como *o conxunto de “espacios” para a comunicación social*⁷.

Pero, ademais dese “conxunto de espacios para a comunicación” Internet é, precisións terminolóxicas á marxe⁸, un medio de comunicación de masas cunhas características moi propias que o diferencian substancialmente dos *media* tradicionais. Vexamos, de seguido, algunhas desas características diferenciais:

⁶ Trátase de aproveitar racionalmente os recursos públicos e que os centros de ensino, fóra do horario lectivo, sexan espacios nos que o conxunto da sociedade poida coñecer e utiliza-las TIC. Unha liña que se está seguindo noutros países e comunidades coas bibliotecas, casas da cultura e outros centros públicos.

⁷ DECEMBER, J. (1995): *The Knowledge Integration Environment: Using the Net do Foster a Critical Eye in Science*. En <<http://sunsite.unc.edu/cmc/mag/1995/jan/december.html>>

⁸ L. A. Fernández Hermana e outros autores inciden en que Internet non é un media en si mesmo, senón unha canle pola que discorren diferentes tipos de aplicacións que posibilitan o nacemento de novos medios de comunicación. Non imos estendernos en matizar esta cuestión. Dada a claridade e rigor expositiva, recomendámo-la lectura da aportación de Luís Ángel Fernández Hermana nas páxinas 101-103 en: Goula, Jordi; Barceló, Miquel; Clavera, Joan; Folch, Ramón; Majó, Joan; Solé, Francesc (1998): *La sociedad del conocimiento*. Beta Editorial. Barcelona.

- a) Presenta trazos propios dos medios de comunicación de masas (é, por excelencia o “media” que chega a tódalas partes) e dos medios de comunicación persoal (ó igual co teléfono ou o correo, utilízase para a relación entre persoas).
- b) É multidireccional: Permite relacións un a un (correo electrónico); un a grupo (roldas); un a moitos (www ou canles), grupo a grupo (roldas) ou moitos a moitos (grupos de novas).
- c) É multimedia, pois pode integrar absolutamente tódolos demais medios de comunicación (presa escrita, radio, televisión...), e posibilita a aparición de novos mass-media.
- d) É o primeiro “media” –e, polo de agora, o único- de interactividade ilimitada; isto é, no que o emisor pode converterse en receptor e á inversa. Pola contra, nos media tradicionais (prensa, radio ou televisión) os roles de emisor e receptor están claramente definidos e son inmutables.
- e) É atemporal, funciona as 24 horas do día e os 365 días do ano pero podemos utilizalo cómo e cándo queiramos.
- f) Ten unha “linguaxe”, propia baseada no hipertexto e no multiformato, o que lle permite integrar –dixitalizados- audio, vídeo, texto, imaxes... Por iso, non se deben trasvasar mimeticamente outros formatos (moitos medios tradicionais limitáronse a poñer en liña a edición que facían un papel e fracasaron estrepitosamente ata que empezaron a crea-la súas propias edicións dixitais).
- g) Posúe a súa propia “dinámica” social. Neste sentido, cómpre volver sobre a idea de “espacios para a comunicación”; isto é, Internet non ten un propietario, o que hai na Rede é a suma dos “espacios” que crearon e crean universidades, centros de ensino, empresas, administracións, colectivos e persoas coma nós. Na Rede non son extrapolables as normas implícitas e explícitas que rexen noutros ámbitos comunicativos. Por dar un par de datos que ilustren a nosa afirmación, salientaremos que Internet ten a súa propia autorregulación (netetiqueta) ou que “estar na Rede” xera un sentimento de pertenza a unha comunidade virtual e a identificación con ese espírito de creación e liberdade, de “anarquía da Rede” (Microsoft, AOL e a propia Telefónica⁹ fracasaron nos seus intentos de crear unha especie de Internet paralela de uso restrinxido para os seus clientes e sen esa liña de liberdade e colaboración).

2.1 Cómo introduci-la Rede nas aulas

Quixeramos empezar a perfilar cómo entendemos que se debe produci-la introducción das TIC na escola.

Analizando o estado da cuestión, encontrámonos con tres tipos de tendencias que definiremos como:

⁹ Referímonos ó intento de converter a Infovía nunha sorte de Internet en castelán. Non a Infovía como sistema de acceso a Internet.

- a) Pasiva ou victimista. Sobre a que, a bo seguro, debateremos no decurso do coloquio.
- b) Tecnolóxica. A Rede ten simplemente unha dimensión tecnolóxica. Cómpre, polo tanto, que o alumnado coñeza os fundamentos do protocolo de Internet ou cómo facer unha páxina web. Noutras palabras, a introducción da Internet na escola vai asociada a unha disciplina moi concreta: a informática, pero sen ter en conta outras características propias; isto é, a Rede como canle de comunicación e información.
- c) Instrumental. Aprender ó alumnado no uso funcional da Rede: coñece-los programas de navegación, as ferramentas de busca ou a utilización da Internet como fonte de información pero sen ir máis aló.
- d) Transversal. Enmarcándoa nese conxunto de contidos, temas e eixes conductores da actividade escolar que non están adscritos a ningunha materia ou disciplina en particular, porque afectan á globalidade do currículo. Isto é, o uso de Internet ten un dimensionamento tecnolóxico pero o fundamental é que a partir desta utilización podemos tirar información e experiencias comunicativas que están intimamente relacionadas con tódalas áreas de coñecemento e serven de nexo de unión entre diversos coñecementos e disciplinas.

As perspectivas tecnolóxica e instrumental están fracasando en tódolos ámbitos (empresa, administración...) mais seguen sendo as máis socorridas, e o ensino non é unha excepción. A súa proxección adoita traducirse na elaboración dunha páxina web que, inicialmente, serve de escaparate do centro educativo pero que ó pouco tempo carece de todo interese porque nin se actualiza, nin hai implicación da comunidade educativa á hora de dinamizala e xerar novos contidos.

O uso da Rede dun xeito transversal non é doado pero ten uns resultados claves a curto e medio prazo na medida en que:

- a) Conseguimos que a comunidade educativa coñeza a linguaxe do medio e sexa capaz de diferenciar medio e mensaxe, continente e contidos.
- b) Xeramos protagonistas activos e non receptores pasivos.
- c) Contribuímos a nuclear grupos capaces de produci-los seus propios contidos.

Alentamos, xa que logo, que a comunidade educativa exerza como masa crítica.

3 A REDE NO ENSINO DA LINGUA E DA LITERATURA

Á hora de aborda-las posibles aplicacións da Rede no ensino da lingua e da literatura optamos por prescindir das clasificacións canónicas¹⁰ ó uso e basearnos na análise das experiencias que coñecemos para, a partir da mesma, inferir posibles utilizacións dende dúas perspectivas:

- a) Ferramenta para o traballo propio e individual tanto do profesor coma do alumno.
- b) Ferramenta para o traballo na aula.

3.1 Ferramenta para o traballo propio de profesores e alumnos

Dende esta perspectiva a súa utilización máis estendida ten moito que ver coa idea da Rede como *"espacios" para a comunicación social*; isto é, recorrer ós:

- a) Espacios de comunicación con outros alumnos/docentes para intercambiar opinións, experiencias, etc tanto de persoa a persoa coma de persoa a grupo. CLAUSTRO VIRTUAL <<http://www.pangea.org/~pepem/claustre/>>, ROLDAS ESPECIALIZADAS <<http://www.linguistlist.org>>
- b) Espacios de formación en liña para a aprendizaxe regrada. Entre os que poderíamos poñer os exemplos da Universitat Oberta de Catalunya ou das universidades corporativas ós que nos referimos anteriormente.
- c) Espacios de información, distribución e recuperación de información en calquera formato dixital. Cómpre ter en conta que Internet é a maior fonte de información mundial¹¹, unha fonte á que podemos acceder dende o noso propio domicilio e que nos permite tratar, almacenar e reutilizar esa información dende o noso ordenador. ETHNOLOGUE <<http://www.sil.org/ethnologue/>> e PROXECTO TOMIÑO <<http://www.galego21.org/tominho/index.html>>

3.2 Ferramenta para o traballo na aula: o ensino da lingua e da literatura

¹⁰ J. Salinas establece a seguinte clasificación: redes de aulas ou círculos de aprendizaxe; sistemas de distribución de cursos en liña; experiencias de educación a distancia e aprendizaxe aberta; experiencias de aprendizaxe informal. Pola súa banda, B Berenfeld diferencia entre: teleacceso, publicación virtual, telepresencia, teletitoría e telecompartir.

¹¹ "Na Rede pode estimarse que hai preto de 550 millóns de páxinas primarias de información, coa previsión de que nos próximos meses o número de páxinas pode acadar a cifra de mil millóns (...). Se establecemos en non menos de 50 kbytes a dimensión media da información contida en cada unha das páxinas primarias, podemos concluir que estamos ante unha masa de información de máis de 25,6 billóns europeos de caracteres, que son case o dobre dos caracteres que podíamos estimar que están nos máis de 70 millóns de documentos da maior biblioteca do mundo, a do Congreso de Estados Unidos. (...) Pero con ser importantes as cifras absolutas (...), máis importante aínda é a taxa de crecemento da información na Rede que medra a un ritmo do 200% anual mentres que nas grandes bibliotecas do mundo o medre é do 15% anual". Citado en MAESTRE, P. (1999): *El impacto de Internet en la sociedad* en <http://cvc.cervantes.es/obref/anuario_99/pmaestre/p02.htm>

3.2.1 Criterios xerais

Antes de descender a terreos máis concretos, queremos volver sobre a idea da transversalidade da Rede.

Partindo desta premisa, e de cara á utiliza-la Internet como ferramenta de traballo na aula, suxerimos recorrer ó “método de proxectos”, entendido o “proxecto” como *a investigación a fondo dun tema sobre o que paga a pena aprender máis* e o “método” como *unha dinámica que ten como finalidade a adquisición de estratexias globais e fomentar no estudante a idea de ser responsable da aprendizaxe*¹². Dito noutras palabras, a Rede non é un “proxecto” en si, senón un medio que cómpre coñecer para poder aplicalo a “proxectos” concretos

Deste xeito, o profesor deixará de “se-lo depositario de coñecementos” ou o “domeador das últimas novidades tecnolóxicas” para exercer-lo rol de do “orientador” que ensina a buscar, seleccionar, discernir e transforma-la sobreinformación en escolla e a escolla en coñecemento ; á vez que o alumno aprende a adquiri-las estratexias necesarias para emprega-lo “medio” e, ó mesmo tempo, comeza a sentirse responsable da súa aprendizaxe, unha aprendizaxe na que xoga un papel activo e crítico.

Para concluír esta breve introducción só nos queda sinalar que, de seguido, imos aplica-los conceptos que fomos anticipando a dúas disciplinas concretas, a lingua e a literatura. Por razóns metodolóxicas e na procura dunha maior claridade expositiva, optamos por desenvolver en termos xerais o “método de proxectos” aplicándoo a dous temas que no currículo convencional se adscriben ás citadas disciplinas. Dito noutras palabras, máis que falar de posibles aplicacións didácticas en abstracto preferimos coller dous “proxectos” (a situación da lingua galega e a obra de Méndez Ferrín) para debullalos e, a partir dos mesmos, exemplificar cómo podemos utiliza-la Internet no ensino-aprendizaxe.

Antes de entrarmos en fariña, dúas últimas advertencias:

- a) Trátase de exemplificar en termos xerais, sen entrar no tipo de actividades que serían máis axeitadas para cada ciclo ou nivel educativo, cuestión que requiriría de seminarios moi específicos.
- b) As posibilidades de utiliza-la Rede na aula son infinitas, xa que logo, escollemos unhas das múltiples propostas que se poderían formular.

3.2.2 Ferramenta para o ensino da lingua

- **Fonte de información**

¹² KATZ, L.G. (1994): *The Project Approach* en <<http://www.gsn.org/web/reform/katz.txt>>

Definido o “proxecto” (o estudio da situación actual da lingua galega) o primeiro paso consiste en **indagar qué información podemos encontrar na Rede**, o que nos obriga ó seguinte:

- Coñecer minimamente o medio, a súa linguaxe e o programa para “navegar”. Por razóns obvias, escollémo-lo único navegador que hai na nosa lingua, o XIS.
- Saber que para localiza-la información dispoñemos de diferentes ferramentas de busca (buscadores); cómo se clasifican en base á súa funcionalidade (temáticos, automáticos, territoriais, índices de recursos...); cómo utilízalos e qué buscadores son máis axeitados para encontra-la información que desexamos e, sobre todo, os criterios que debemos seguir para determina-la fiabilidade da información, escolle-la que máis se adapta ás nosas necesidades e transformala en coñecemento aplicado.

Partimos de que xa traballamos na aula estes aspectos e, dado que estamos na procura de información sobre a situación actual da lingua galega decidimos utilizar dous buscadores. En primeiro lugar, un buscador automático para saber se na Rede podemos encontra-la información desexada.

Se buscamos en altavista por
"gallego"+or+"Galician+language"+or+"lingua+galega"+or+"lengua+gallega"+or
+"galego"

Vemos que hai 28.468 sitios con esa información e aí empeza o primeiro grande labor: os criterios para discernir ante semellante sobreinformación.

Se recorremos a un buscador territorial (galego) e temático (a información clasificada por temas), como Vieiros, veremos que na sección de lingua hai 20 páxinas web con información xeral sobre o noso idioma.

O labor do profesor é **orientar** ó alumno **na procura** desta **información** así como na súa **sistematización para transformala en coñecemento**.

Seguindo co exemplo, unha vez orientados, hai un grupo de alumnos que deciden amplia-lo seu traballo e estudia-la competencia lingüística en galego para o que recorren ás páxinas de galego.org e do Euromosaic. Desta última, só encontran a versión en francés. A profesora de francés anímase a entrar a traballar neste “proxecto” porque simultaneamente ó labor de investigación da situación actual do galego están traballando a súa disciplina; isto é, mellorando o seu nivel de competencia en francés.

GALEGO.ORG <<http://galego.org/hoxe/nivelxeral/competencia.html>> E
EUROMOSAIC <<http://www.uoc.es/euromosaic/web/homefr/index1.html>>

Rematada esta fase, coñecida en grandes liñas a situación do galego, outro grupo de alumnos segue afondando e explora a Rede para compara-la súa

situación coa doutras linguas europeas menos estendidas. Encontrámo-la páxina do Bureau e estudiámo-la situación do galés.

BUREAU <<http://www.eblul.org/browse.htm>>

Nesta etapa, hai páxinas con información en inglés así que procuramos que a profesora desta disciplina se involucre no “proxecto”. A maiores, hai palabras que non comprendemos e traballamos na aula a utilización tanto de tradutores automáticos e dado que de momento non temos ningún traductor inglés-galego a un traductor automático inglés-portugués

TRADUCTOR Ó PORTUGUÉS <<http://www.freetranslation.com/>>

Feita a traducción ó portugués, hai palabras que non entendemos correctamente e recorreremos ás ciberdúvidas da lingua portuguesa.

CIBERDÚVIDAS <<http://www.ciberduvidas.com/>>

O “proxecto” toma outra derivas. Hai grupos de traballo na aula que deciden compara-las políticas lingüísticas de Galicia e Cataluña;

DXPL DE CATALUÑA <http://cultura.gencat.es/llengcat/organi/index.htm> e GALICIA <<http://www.xunta.es/conselle/ceoug/dxpl/index.htm>>;

o marco legislativo en Galicia e Quebec;

LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA <<http://www.galego.org/>> E CARTA DA LINGUA FRANCESA <<http://www.olf.gouv.qc.ca/charte/clftable.html>>;

ou coñece-las liñas de traballo nas universidades a través de páxinas coma a dun Servicio de Normalización Lingüística ou as das Comisións de Normalización Lingüística.

SNL DA USC <<http://www.usc.es/snlus/benvidag.htm>>; XOGO TU I JO TENIM UNA HISTÓRIA <<http://www.upc.es/slt/alatac/cat/joc/index.html>>

Para concluír coa fase de información, decidimos investiga-la situación social do galego en comparación con outras linguas minorizadas en base a recursos non estritamente lingüísticos; isto é, en función de indicadores como a existencia na Rede de medios de comunicación na lingua propia

A NOSA TERRA <http://www.anosaterra.com/>, VIEIROS <<http://www.vieiros.com>>

ou de portais territoriais

PORTAL OCCITANO<<http://www.chez.com/occitanet/>>

- **Canle de comunicación/intercambio**

Paralelamente ó proceso de compilación da información ou unha vez rematado este, podemos utiliza-la Rede como canle de comunicación persoa a persoa, incentivando a correspondencia escolar (o envío de correos electrónicos) a alumnos doutros centros de Galicia para comenta-las liñas de traballo que estamos desenvolvendo e intercambiar opinións, recibir propostas e suxestións..

persoa a grupo

roldas

grupos de novas especializados

taboleiros (TABOLEIROS DE GALEGO.ORG)

correos no propio web (MOSTRA DE CORRESPONDENCIA ESCOLAR DE GONDOMAR

<<http://www.arrakis.es/~marilo/opinion.htm>>;

grupo a grupo recorrendo a programar **charlas en liña** (canle de IRC ou vídeoconferencias segundo as dispoñibilidades técnicas) **con outros centros de ensino** por exemplo para contrasta-los niveis de uso da lingua na comarca na que está emprazado o noso instituto e nas comarcas da Limia, da Mariña ou do Val de Arán ou intercambiando opinións entre os diferentes centros de ensino de Galicia tal e como fixeron na experiencia enred@andote con nós
<<http://www.vieiros.com/cousas/cousas8.html>>

grupo a persoa programando **charlas en liña cun especialista convidado** no que o alumnado de diferentes centros de ensino poida entrevistar e conversar coa persoa en cuestión. Ver, a modo de exemplo, a charla que programaron en Vieiros co grupo Milladoiro:
<<http://www.vieiros.com/artigos/chatmilladoiro.html>>.

- **Proxectos cooperativos**

Ata o de agora, estivemos falando dun “proxecto” a desenvolver nunha aula concreta; isto e, por exemplo nas clases de lingua dun curso de 2º e ESO. Pero ese mesmo “proxecto” pode levarse a cabo en tódolos cursos de 2º; en todo o centro educativo adaptando as actividades ós diferentes ciclos

WEB DO IES AS LAGOAS, <<http://teleline.terra.es/personal/aslagoas/>>

e mesmo en colaboración/cooperación con outros colexios. En resume, utilizando a Rede para abordar proxectos colectivos que implican diferentes niveis e graos de cooperación e “poñer á vista” os resultados deste traballo.

Ponte nas ondas <http://wwwA037.infonegocio.com/333/2000/index_g.htm>, como exemplo de actividade transversal e cooperativa con varios centros.

En ámbolos dous casos, entramos noutra nova dimensión que nos leva a traballar a creación de contidos e a darlle “outra volta” ó da transversalidade. Poñer “á vista” significa crear unha páxina web (do centro, en formato de revista, conxuntamente con outros centros) ou o que é o mesmo: “controlar” de informática (html, programación en xava); redactar para o medio e coa súa linguaxe moi diferente, por exemplo, á da prensa escrita; redactar en galego e nas linguas que se definan; debuxar; deseñar; fotografar..

3.2.3 Ferramenta para o ensino da literatura

- **Fonte de información**

Neste caso o “proxecto” que vos propoñemos é o estudio da vida e obra de Méndez Ferrín e as mecánicas a seguir son moi semellantes ás que utilizamos na clase de lingua.

Naturalmente o primeiro paso consiste en *indagar qué información podemos encontrar na Rede* utilizando os buscadores máis axeitados.

Nesta ocasión, utilizamos só un buscador automático. Ó buscar en altavista “Mendez+Ferrín”, vemos que hai 56 sitios con información sobre Ferrín.

Localizada e seleccionada esa información, propoñemos unha serie de actividades que implican traballar, doutro xeito, os mesmos fundamentos (por exemplo, a consulta de dicionarios en liña) que aplicabamos ó ensino da lingua. As actividades en cuestión poderían ser:

- Lectura en liña de *Retorno a Tegen Ata* aproveitando tódalas vantaxes do hipertexto. http://www.xerais.es/html/libros/tagen_ata/tagen_ata_010.html
- Ler unha recesión en inglés sobre a edición nesta lingua da obra de Ferrín *Them and Other Stories*. <http://w3.bham.ac.uk/GalicianStudies/ferrin.htm>>
- Facer un traballo, que despois se trasladará o web, sobre a vida e obra de Ferrín utilizando a ciberbibliografía da Rede.

<http://www.xerais.es/html/autores/036.html>

<http://www.sinera.org/tot-art/soliart/poesia/p043.htm>

- Compara-los tratamentos que lle deron as edicións dixitais á noticia da concesión do Premio da Crítica 2000 a X. L. Méndez Ferrín

- **Canle de comunicación/intercambio**

Ó igual que sinalabamos para as clases de lingua, podemos utiliza-la Rede neste “proxecto” para desenvolve-lo mesmo tipo de experiencias ás que

aludiamos: correos electrónicos entre docentes e alumnos, roldas ou grupos de novas, etc.

Neste "proxecto", escollemos como exemplo unha charla organizada por Vieiros con Méndez Ferrín. <<http://www.vieiros.com/artigos/chatferrin.html>>

Á vista deste exemplo, imaxínade a posibilidade de que varios centros de ensino de todo o país compartan ó mesmo tempo "conferencia" e coloquio con calquera escritor.

• **Proxectos cooperativos**

Insistiamos anteriormente na idea de que un mesmo "proxecto" pode levarse a cabo en tódolos cursos dun centro ou en colaboración/cooperación con outros colexios.

Como xa vimos exemplos de creación de webs de centros ou de proxectos como "Ponte nas Ondas", na clase de literatura suxerimos outro tipo de actividades como por exemplo utilizar un texto de Ferrín para "crear derivas" a través de ligazóns ou para redactar un ciberrelato e estudar esta nova posibilidade de escrita.

EXPERIENCIA QUE SE FIXO EN VIEIROS SOBRE UN TEXTO DE FOLE¹³
<<http://www.vieiros.com/letrasgalegas/letras-97/caurel-un.html>> E
CIBERRELATO DE CAMILO FRANCO <<http://www.vieiros.com/rfts.asp>>.

4 A XEITO DE CONCLUSIÓNS

No decurso da nosa intervención fixemos fincapé na necesidade de introducir a Rede nas aulas como materia transversal para evitar o desfase escola-sociedade; evitar a exclusión social; conseguir que a comunidade educativa coñeza a linguaxe do medio e sexa capaz de diferenciar medio e mensaxe, continente e os contidos; xerar protagonistas activos e non receptores pasivos; contribuírmos a nuclear grupos capaces de producir os seus propios contidos e alentarmos, xa que logo, que a comunidade educativa exerza como masa crítica. Noutras palabras, viñemos reclamando que a escola xogue un papel importante na construción dun espazo galego e en galego de comunicación.

Xa para rematar, queremos chama-la vosa atención sobre outro aspecto que consideramos capital: a introducción da Rede nas aulas ó uso do galego; isto é, que os profesorado que dispensa as súas clases en galego sexa quen impulse este proceso.

¹³ O Instituto Cervantes vén de poñer en liña unha versión de "El Quijote" hipertextual; isto é, utilizando as posibilidades do hipertexto. Ver Ciberp@aís do xoves 13 de abril de 2000.

Daniel Romero, Isabel Vaquero: *Internet, ferramenta didáctica para o ensino*
X Xornadas de Lingua e Literatura. CIG-Ensino, ASPG
Santiago de Compostela, 5, 6 e 7 de maio de 2001

Deste xeito, non só estaremos gañando novos ámbitos de uso para a lingua, senón que estaremos asociando lingua e utilidade, lingua e futuro; utilizando o prestixio social das novas tecnoloxías para prestixia-lo noso idioma.

Daniel Romero e Isabel Vaquero
X Xornadas de Lingua e Literatura
Compostela, 5, 6 e 7 de maio de 2000